



*Ilmo. Concello  
de  
Ribadavia*

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL  
CORRESPONDENTE O DÍA 14 DE FEBRERO DO 2011.-**

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día catroce de febreiro de dous mil once a unha e media do mediodía xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, don Marcos Blanco Jorge.- Concelleiros: Don Anxo Collarte Pérez e Dona Manuela Iglesias Collarte. Non asiste Don José Ignacio Gómez Pérez e Don Emilio J. Cuiñas Otero.

Está presente o Secretario do Concello, Don Pablo Portela Fernández.  
Está presente o Interventor do Concello, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

**1.- ACTA ANTERIOR.-**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado 7 de febreiro do dous mil once (Ordinaria).

**2.- OBRAS MAIORES.-**

Non houbo.-

**3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIADÁNS.-**

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento dos seguintes:

1. Informe do director do Servizo Municipal de Deportes con data RE 18 de xaneiro de 2011 N° RE 282, relativo a solicitude do Clube Escola de Kick Boxing de Ribadavia.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus asistentes acorda remitir a solicitude ao Sr. Aparellador municipal aos efectos de emision do informe técnico ao que se fai referencia no informe do director do Servizo Municipal de Deportes e asi mesmo darlle traslado o Clube Karate Mizukami da solicitude presentada aos efectos de presentacion de alegacions que consideren pertinentes.

**4.- ESCRITOS OFICIAIS.-**

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento dos seguintes:



Ilmo. Concello  
de  
Ribadavia

1. Comunicacion do Ministerio de Medio Ambiente y Medio Rural y Marino, Confederacion Hidrografica del Miño-Sil, con data RE 11 de febreiro de 2011 N° RE 720, relativo a “*Expediente de inscripcion en el registro de aguas de un aprovechamiento de aguas captadas mediante un pozo, sito en Ventosela, término municipal de Ribadavia (Ourense)*”.
2. Comunicacion da Conselleria do Medio Rural, con data RE 11 de febreiro de 2011 N° RE 730, relativo a “*Modificación de ancheamento e pavimentacion do camiño a Sanin (Ribadavia-Ourense)*”; X-9351.
3. Comunicacion do Xulgado Contencioso Administrativo N° 1 de Ourense, con data RE 8 de febreiro de 2011 N° RE 680, relativo a procedemento ordinario 8/2011.
4. Comunicacion da Conselleria de Presidencia, Administracions Publicas e Xustiza, con data RE 11 de febreiro de 2011 N° RE 727, relativo a comunicacion da listaxe do persoal do corpo de Policia Local ao que se lle concedetá o Distintivo de Permanencia.

## **5.- CUESTIONS ECONÓMICAS E ASUNTOS VARIOS.-**

### **APROBACION DE PADRON DO I.V.T.M.**

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, préstalle aprobación ao Padrón Cobratorio do Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica, correspondente ao exercicio 2011 por importe de 234.086,13 euros. Do mesmo modo, acorda sinalar o período de cobranza voluntario do Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica correspondente ao presente exercicio económico entre o 14 de Febreiro e o 15 de Abril de 2011.”

### **SOLICITUDE DE SUBVENCIONS.-**

“O abeiro da Orde do 12 de xaneiro de 2011 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a Concellos de Galicia e as súas entidades públicas con personalidade xurídica propia, para o equipamento e a mellora das instalacións e locais utilizados para a realización de actividades culturais co cofinanciamento de fondos Feder, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

1º.- Acollerse á Orde do 12 de xaneiro de 2011 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a Concellos de Galicia e as súas entidades públicas con personalidade xurídica propia, para o equipamento e a mellora das instalacións e locais utilizados para a realización de actividades culturais pola que se anuncian axudas económicas destinadas a subvencionar a realización de infraestructuras de uso público en ámbitos urbanos e rurais por parte dos Concellos de Galicia.

2º.- Prestar a aprobación a memoria dos programas e actividades a desenvolver.



*Ilmo. Concello  
de  
Ribadavia*

3º.- Comprometerse a achegar a porcentaxe do orzamento do proxecto que lle corresponda o Concello.

4º.- Aceptar as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na referida Orde.”

#### **SOLICITUDE DE SUBVENCIONS.-**

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, o abeiro da Orde do 29 de Decembro de 2010, pola que se aproban as bases que rexen as subvencións destinadas as entidades locais de Galicia para a realización de actividades dirixidas a xuventude, para a promoción da información xuvenil e para a incorporación da xuventude as novas tecnoloxías durante o ano 2011 acorda acollerse a devandita Orde e solicitar a correspondente subvención a Consellería de Traballo e Benestar”.

#### **GASTOS E FACTURAS VARIAS.-**

Vistas as facturas e demais documentos xustificativos das prestacións que se expoñen á fiscalización conforme da Intervención municipal e considerando que, existe crédito orzamentario no orzamento de gastos para o exercicio 2011, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, e en uso das facultades en canto á xestión do gasto conferidas polo RD Lexislativo 2/2004 e RD 500/1990, delegadas pola Presidencia, acorda:

Primeiro.- O recoñecemento e liquidación das obrigas e polos importes que a continuación se expoñen, con imputación ás partidas correspondentes.

CONGALLE S.L., factura núm. 267/2010, en concepto de servizo de recollida de R.S.U., mes de Marzo 2010, por importe de 7.054,47 euros.

CONGALLE S.L., factura núm. 436/2010, en concepto de servizo de recollida de R.S.U., mes de Abril 2010, por importe de 7.054,47 euros.

CONGALLE S.L., factura núm. 567/2010, en concepto de servizo de recollida de R.S.U., mes de Maio 2010, por importe de 7.054,47 euros.

Segundo.- Comunicar este acordo e ordenar aos servizos de Intervención e Tesourería a súa contabilización e pago.

#### **6.- ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-**

Non houbo.-

E sendo as dúas do mediodía, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.